



Lentes violetas

para entidades de tempo libre

gratuito
4ª EDICIÓN!
2023



Formacións gratuítas para aplicar o enfoque de igualdade á túa organización e ás túas actividades



**Deputación
DA CORUÑA**

Chegar a cada concello,
estar con cada persoa.

Somos unha cooperativa **sen ánimo de lucro**: un equipo multidisciplinar de persoas comprometidas e con moita experiencia no sector do tempo de lecer. Cremos na creación colectiva e nas sinerxías entre entidades.

Para nós, o lecer e o tempo libre representan a contorna perfecta para a **educación en valores**, a convivencia e o crecemento persoal e colectivo. Buscamos construír un mundo mellor a través das nosas actividades.



Programa: as lentes violetas

Moitas das formas de mirar fómolas asumindo de xeito inconsciente ao longo da nosa socialización, e as transmitimos tamén inconscientemente. Con todo, podemos aprender a ollar ao noso arredor de xeito diferente. Podemos **educar a mirada**.

Por iso presentamos este **proxecto gratuito, subvencionado pola Deputación da Coruña**, que xira arredor dunhas lentes, **as lentes violetas**. Poñerse as lentes violetas significa desenvolver unha mirada consciente ante as desigualdades de xénero e as violencias que as sosteñen e aprender estratexias para promover a igualdade de xénero.

Coas actividades que propoñemos queremos axudar á vosa entidade a dar forma ás vosas lentes violetas e facilitar que coas intervencións que realizades mude tamén o xeito mirar das vosas usuarias. Todas elas están concibidas para desenvolverse a través dunha metodoloxía activa e participativa.

de maio
a decembro
2023

Camiño: itinerario de pímulas formativas

Este é o itinerario básico deste programa. Os pasos a dar son complementarios, pero tamén podemos poñer o foco só nun deles ou desenvolver os tres. Vós elixides.



Análise de realidade e necesidades:

proporcionámosvos a nosa **ferramenta de auto-diagnose** para medir a saúde da igualdade de xénero na vosa organización e establecemos con vós áreas prioritarias de intervención.



Desenvolvemento da formación:

escolledes pímulas formativas para educadoras/es e monitorado e nós adaptámolas á vosa realidade e desenvolvémolas.

Posta en práctica no marco da propia entidade:

desenvolvemos unha actividade para as vosas usuarias. Se queredes, facémolo xuntas, cooperando na súa execución.



Nos tres pasos do itinerario podemos optar por **formatos online, presenciais ou mixtos**, adaptándonos ás circunstancias e ás vosas necesidades.



Pílulas formativas para

profesionais e voluntariado

Básica: introducción á perspectiva de xénero

Nesta formación faremos un percorrido por algúns conceptos básicos para comprender a orixe estrutural das desigualdades en base ao xénero e descubrir como podemos contribuír a mudalas dende a acción socio-educativa.

- ◇ **Contidos:** sexo e xénero, socialización diferenciada, división sexual do traballo, estereotipos de xénero, recursos básicos para a educación en igualdade de xénero.



Gamificación e metodoloxía do traballo en igualdade

Ás veces temos a perspectiva, pero carecemos de ferramentas para trasladala de xeito atractivo ás participantes. E nun marco social no que proliferan os discursos de odio e antifeministas é clave para nós achegarnos á rapazada de xeito lúdico. Nesta formación desenvolveremos algunhas claves para conseguilo.

- ◇ **Contidos:** características das etapas educativas, contidos a abordar e adaptacións, enfoques metodolóxicos participativos e lúdicos.



A perspectiva de xénero dende a práctica cotiá

En moitas organizacións existe un compromiso coa igualdade, con todo, fáltanos formación específica en temas nos que a igualdade ten unha relevancia especial. Con esta formación afondaremos en aspectos clave da educación para a igualdade, centrándonos naqueles que máis vos poidan interesar.

- ♦ **Contidos:** educación emocional e ética dos coidados, modelos relacionais, diversidade sexual e de xénero, novas masculinidades, pornografía e sexualidade na adolescencia.



Educación dende a perspectiva queer

Xénero, sexualidade e performance son os eixos da teoría queer. Nesta formación achegamos unha mirada sobre a educación que bebe do irreverente activismo queer e o uso do carnavalesco para subverter as estruturas de poder que rexon sobre o sexo e o xénero. Pero iremos máis aló, porque unha mirada queer lévanos a cuestionar toda concepción binaria da realidade e outras estruturas de poder que esta sustenta.

- ♦ **Contidos:** bases conceptuais da teoría queer, claves educativas, estratexias e metodoloxías queer na educación.



Enfoque de xénero das dinámicas organizativas

A igualdade non está só nos números e nos cargos, tamén nos procesos. Con esta formación poñémonos os lentes violetas para mirar a estrutura e as dinámicas de participación da vosa organización.



- ◇ **Contidos:** estrutura da organización, dinámicas de participación, roles nas equipas de traballo, boas prácticas nas organizacións, claves para a diagnose, claves para desenvolver un plan de acción.

Mediación con perspectiva de xénero



O xénero ten un impacto en como vivimos e xestionamos os conflitos. Neste obradoiro abordaremos claves para desenvolver unha mediación sensible a esta cuestión sen perder o enfoque lúdico.

- ◇ **Contidos:** o papel das emocións, os elementos do conflito, a comunicación non violenta e as ferramentas da mediación.

Asembleas feministas e espazos de masculinidade disidente

Proporcionamos claves para acompañar a creación de grupos estables de rapazada nos que analizar as desigualdades na súa vida cotiá e xerar prácticas e discursos que fagan das súas participantes axentes de creación de sentido común feminista.



- ◇ **Contidos:** facilitación de grupos, dinámicas de participación asemblearia con perspectiva de xénero, tematización de asembleas.



Cambiarmos o conto

Un obradoiro teatral no que partimos dos contos para reflexionar en torno a estereotipos e desigualdades, entendendo como forman parte dun marco social e estrutural.

Falarnos bonito

Actividades activas e participativas coas que adquirir ferramentas para a comunicación asertiva, trato dende a non violencia e ética dos coidados.



Misterio no Reino Encantado

Actividade 100% ambientada na que a rapazada terá que descubrir quen matou ao narrador dos contos de fadas. A resposta constituirá un berro de liberdade para todas as princesas de conto, pero para conseguilo precisaremos da implicación do voso persoal educativo.





Obradoiros abertos para

adultas e adolescentes

Cambiarmos o conto II

Obradoiro teatral e literario no que desenvolver reflexións críticas en torno a estereotipos e desigualdades e a súa relación co marco social e estrutural.



Símbolos na noite escura

Xogo nocturno 100% ambientado no que teremos que recuperar as cores do mundo para non perder a riqueza da diversidade sexual e de xénero... e de paso traballar algúns conceptos clave para entendela.

Para este gran xogo precisaremos a implicación do voso persoal educativo.



Perrear con lentes violetas

Se non podemos bailar non é a nosa revolución. Pero poñémonos as lentes violetas para perrear? Analizaremos exitazos dos últimos anos e descubriremos referentes feministas cos que bailar e cantar.

Porno-sotrxs

Sexualidade libre e corresponsable: ferramentas para identificar o poder nas relacións afectivas e facer unha lectura crítica da pornografía mainstream.



Obradoiros abertos para

adultas e adolescentes

Amores que molan

Actividades participativas coas que analizar os mitos do amor romántico, diversos modelos de parella e adquirir ferramentas para desenvolver relacións sas.



As mozas son guerreiras!

Empoderamento: reflexión sobre as vivencias de violencia, o uso de espazo, corpo e voz e estratexias de comunicación asertiva.



Men can do it!

Masculinidades alternativas: a masculinidade tradicional, estereotipos e presión social, outros xeitos de ser.



Corresponsabilidade

Unha das grandes tarefas pendentes en canto á igualdade é equilibrar os usos dos tempos na adicación as tarefas domésticas, así como repartir a carga mental e a responsabilidade de coidar o clima emocional cos nosos vínculos. Trataremos todas estas cuestións con grupos de homes e rapaces.

Como participar



Contacto:

Podeses poñervos en contacto con nós a través do correo electrónico ou do teléfono, segundo prefirades.

Posta en común:

Definamos que pasos do itinerario vos gustaría seguir e que necesidades formativas tedes. Poñámoslle data ás intervencións.

Desenvolvemento

Desenvolvamos as pímulas formativas e obradoiros escollidos. Despois, avaliámolos.

*Dalle un novo e
refrescante aire á
túa organización*

100%
Gratuito!

Este programa está subvencionado pola



Deputación DA CORUÑA

Chegar a cada concello,
estar con cada persoa.

Proxecto subvencionado nun 70% pola Deputación da Coruña, cun importe de 24.670,42 euros, a través do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2023.

www.aventeira.com



722 349 483 / 493



lentes.violetas@aventeira.com

